

F.º VILLE D VILLHMIHRIN



17 de maio (1982)

Fue a paz voe polo

mundo como a pomba

REFUGIOS

NITO

As nenas e nenos do colexio "Vales Villamarín", co gallo das Letras Galegas, saímos á rúa por segundo ano consecutivo, para tratar de levarvos un bafo quente de ledicia e de paz.

Porque queremos que as Letras Galegas sexan tódolos días, e porque queremos un xornal para contar as nosas cousas e inquedanzas, e aulas de teatro, e campos para xogar e brincar e unha escolla viva, e ter tamén decote un sorriso ledo de esperanza.

Porque queremos "QUE A PAZ VOE POLO MUNDO COMO A POMBA".

Vela

go e  
nen  
gra  
la

ARMANDO COTARELO VALLEDOR naceu en Vegadeo (1879), estudou Filosofía e Letras e foi eleixido membro da RAE en representación das Letras Galegas,

A súa máxima aportación á Literatura Galega son as creacións teatrais: "Trebón", "Sinxebra" e outras.

Dentro da liña realista da época destaca a acertada estructuración das obras, a elegancia da linguaxe e o coidadoso retrato psicolóxico das personaxes.

Morre en Madrid no ano 1950.

- UNHA NOITE NA ALTA SOCIEDADE -

As luces, a música, as risas, atolábanme e facíanme sentir como se estivera flotando no aire, viaxando á velocidade da luz, deica un planeta descoñecido.

A aquela festa invitárame o meu amigo Luis:

- Emilio, esta noite a miña muller e mais eu damos unha festa na nosa casa. Virás ¿non?
- Home, pois non sei que decirche, moitas ganas non teño de ir.
- Veña oh, xa verás o ben que o pasas.

Sentíame como fóra de lugar tan cheo de xente. A casa do meu amigo era unha casa grande e moi luxosa. Era un importante empresario. De neno foi moi pobre e xuroulle a súa nai que cando fora maior sería un gran home, e o que é máis importante, un home rico. Por eso fixo aquela gran casa.

Pois como dixen, sentíame moi incómodo alí e fitaba para todo o mundo como un parvo.

Naquel cornello unha parella bicábase apasionadamente. Nos grandes milláns que arrodeaban todo o salón as vellas cotilleaban como co-torras. Polos grandes xardíns paseaban parellas e outras estaban sentadas nos escuros bancos dos mesmos. Nos pisos de riba os homes de negocios facían importantes tratos financeiros que aínda derrumbarían algunas pequenas empresas, pero non importaba: todo sexa polo progreso. Outras parellas de cuarentonas ou xovencíños namorados bailaban ó ritmo dunha doce e deliciosa canción. E o resto da xente estaba arredor das mesas comendo e falando. Pero o grupo que máis me irritaba era un grupo de mulleres, xa algo maduras, que rían histéricamente as monadas dun galán de oito cuartos.

E alí estaba eu, entre aquela morea de xente, perdido e só.

Para calmar o meu desexo empecei a beber centos de diferentes bebidas das que non coñecía as marcas. O último que lembro son as luces, a música, as risas, dando voltas arredor da miña cabeza.

Cando despertei estaba nunha escura e inmunda celda por borracheira e escándalo público.

Emilio Salgado Freire


8º E.



# ROMPE-COCOS

A	C	O	E	F	G	H	I	J	K	I	H	I
O	P	P	N	C	U	V	X	Y	Z	D	G	Bwearde
H	C	J	S	O	H	N	O	P	Q	R	S	seis names
C	O	X	Y	M	E	R	L	O	Z	Y	O	de over
N	R	P	S	T	B	I	O	C	R	Q	X	
Y	V	Z	U	V	P	A	R	R	U	L	O	
C	B	X	P	E	G	A	C	O	P	I	O	
G	O	R	R	I	O	N	C	P	L	L	I	


Busca os cinco elmos




¿Cuál es el drama?



Chistes



La amiga encontrada de inercia  
ellos son los que no te



MEMOS 6 Eº

## POESIAS

### Cantiga de amigo

Polos teus ollos quen pasou  
meu amigo,  
deixou unha mirada de amor perdido  
meu amigo.  
Nos teus ollos levas amor de bandido  
meu amigo,  
Como cando miras quen te mirou  
meu amigo.  
Onde estará o amor perdido  
meu amigo,  
que só ti tes fedor vivo  
meu amigo.  
Nos teus ollos vivos  
meu amigo.  
Nos teus ollos  
meu amigo.

Sabela García L.  
Marta García G.  
8º D.

### P O E S I A

Unha noite soleada que sin embargo  
chovía, nadaba unha rá morta nunha  
poza valeira; e á lus dun farol apagado  
un xoven de cen anos lía un xornal que  
sen letras decía: -Collín a casa, metín  
o abrigo na cama, colgueína na percha e  
á mañá seguinte oíñ unha voz que decía:  
-Asómate á fiestra e dame un pouco de  
sede que morro de auga.

Mercedes Bianchi  
7º E

### Cantiga de Escarnio

Nesta bola que é o mundo  
haiche moito que facer;  
mais eu, realmente barrunto,  
se ós xefes hai que barrer.  
Non che paran un momento,  
dinche mentiras seguidas,  
ninguén está contento,  
e xogan con millóns de vidas.  
Tiran un misil e ahí vai,  
non lles importa quen morra  
que nin tempo pra rezar hai,  
mándannos a todos á porra.

Estanche cambiando de xefe  
para ver quen é mellor,  
mais, como decía Pepe,  
fano cada vez peor.

Falaba cos meus amigos  
que non duraremos moito,  
por se acaso despertemos  
e deitémonos ás oito.

Fragmento de: ¡Quen poide-  
ra ser anónimo!  
Xulio Cons  
8º C.



... n. 1. 1. 1. 0 ...

Cando volvíñ en miña tiña a cabeza coma un bombo, non me enteraba de nada. Despois lembrei, uns avións, bombas, e un bruxido infernal e despois ... nada. Fitei ó meu redor pero non vin a ninguén, ó millor -pensei- morreron todos. De súpito sentín unha dor na perna, estaba ferido, tapei a lastimadura como puiden e tentei erguerme coa axuda dun pao e fíxeno andando á pata coxa astra que de sópato: ¡N000000000000000N, non pode ser!, os meus ollos viron algo terrible, toda a cidade estaba destruída, era como Guernica. Algo pasouseme pola cabeza e caín sin sentido de novo, ó pensar onde estarían os meus irmáns e pais.

Outra vez ese espertar duro e angurioso ¿onde estou?, a miña cabeza está a punto de estoupar e síntome deitado nunha cama. Abrín os ollos, vin un home vello e un can. A perna xa non me doia. Tiven medo pero a mirada do home tranquilizoume. Era alto e fraco con só catro dentes e vestía un xersei verde escuro e uns pantalóns de tergal.

- Levas catro días dormindo, e a túa ferida xa está case pechada. Pensei que morreran todos pero ó verte a ti veume a esperanza ¿como te chamas?

- Xurxo

- ¿E vostede?

- Eu son Suso.

Quixelle dar a man pero .... parece de risa, verdade, sí; era manco. Non é para rirse. Dous días despois puden erguerme. A súa cabaña era pequena e estaba á beira dun monte, pero era acolledora, vella e feita de pedra. Pregunteille se podía ir á cidade, e contestoume que sí, pero díxome que era perigoso xa que había unha xente que se volvera tola pola radiactividade. Pero eu quero saber se os meus pais viven.

- Iremos un día destes pero ten que acompañarnos o Lolo.

O Lolo era un home baixo e forte que levaba unha escopeta debaixo do brazo. Puxémonos en marcha pola miña insistencia e fómonos ás aforas, onde vivían meus pais, subimos á casa e non había ninguén e baixei e boteime a andar polas ruás astra que de súpito vin a xente. O mando deles estaba o meu pai e berreille: Papá, papá, el colleume e díxome: Xurxo, tiña ganas de verte, a túa nai vai estar moi leda.

- ¿E os nenos?

- Están ben.

Fomos todos a un edificio moi grande e alí comemos e vin ós meus irmáns, de súpito escoitamos uns berros e vin algo que me xiou o sangue -veñen de novo, os monstruos veñen outra vez-, os monstruos eran como fantasmas que liaban o sangue coa mirada. Buscaban comida, e a radiactividade volveraos tolos e agora adicábanse carne humana, tíñan-nos arrodeados, cando de súpito escoitamos un ruido de ametralladoras. Era a policía que nos ayudou a saír, e despois de mirar se estábamos

## Cancion do Fego



Deus lle de tanto pan  
como hai regas en san  
xoan


Deus lle de tanto viño  
como auga vai polo  
río

Deus lle de tantas  
cvelas como no ceo  
hai estrelas


Deus lle de tantas  
vacas como no curral  
hai lapas

## Paratempas

entre os ramanos  
mitade de dace  
sete laivecas como é



A ver se eres capaz de facer este  
uso sin pasar unha linea por encima  
dela



FIXO ESTE TRABALLO

Luis Otero Sanchez

"APUNTES DUN TAQUIGRAFO"

Congreso dos Diputados (6 de xaneiro de 1984)

Gregorio Peces Barba: ¡Bos días señores! ¡A la xá podemos empezar a xogar!

Fraga: A min trouxéronme os Reis Magos carbón.

(Panorámica xeral de todos desternillándose de risa, xa se poden imaxina-lo cachondeo).

Felipe: Ben Manoliño, non chores anda, polo menos será dulce ¿non? .

Fraga: Pois non pero mira así quedas sen él para as térmicas e haber como te amañas.

Peces Barba: Bueno, Bueno deixádevos xa de discutir e imos ver sobre que facemo-lo debate.

Felipe: ¡Pois ala, sobre os Reis Magos!

Peces Barba: Empeza ti Felipiño.

Felipe: Bueno pois a min trouxéronme un papeliño da L.O.D.E. esa, e aínda non o lin, ademais un folleto sobre a O.T.A.N. e un libro de eontos que se chama: "España e Portugal na C.E.E."

Westringe: (Alias Xorxiño) ¡O Reagan! ¡Está ahí Reagan!.

( Todos con cara de burros, e escóitanse os seguintes comentarios):

Fraga: ¡E eu con estes pelos!

A. Guerra: ¡Pero que passaaa troncos!

Westringe: ¡Inocentes, inocentes! non era Reagan, era un choqueiro

A. Guerra: Jo, tío, a ver se paras

Westringe: ¡Ai vai!. Non me funciona o calendario do reloxoio.

¡Hoxe son os Reis Magos, YUPPII !! . Vou á casa a ver que me trouxeron e logo volvo.

Peces Barba: Calma señores, calma. Señor Caldo Sopero fale que aínda non dixo nada.

Caldo Sopero: ¡E que vou decir?, como non diga que a miña muller lava con ARIEL.

A. Guerra: ¡E a quen llo contou?

Caldo Sopero: A Pepiña, Toñita, Xoanita, Lurditas, uf e moitas más.

Peces Barba: Unha pregunta ¿Quen cre nos Reis Magos?.

(Levantaron todos a man, menos eu, ¡que vergoña!.

Peces Barba: A última pregunta para o señor Carrillo (o do pitillo) ¿que lle trouxeron os Reis, señor Carrillo?.

Carrillo: (o do pitillo) Pois trouxéronme unha estatuilla da Virxe e os Mandamientos da Lei de Dios.

Peces Barba: E agora á publicidade. Perdón xa nos despedimos ata o xoves desde San Cugat.

NOTA: Do Westringe nen rastro ¿por que será?

No espacio inmenso a moitos anos bombilla de aquí, escíndese unha nebulosa que ó paso dos lustros, convertiuse na loita entre as dúas potencias más grandes do universo: Montellos e Coirós.

Todo empezou cando os Montelláns foron sorprendidos polos Coirosáns, ¡Aquilo daba un gustiño! Luceciñas de coloríns saltando polo aire, ¡que bonito!.

O comandante Aldeama, que estaba na nave galáctica, empezou a berrar como un tolo, ía correndo dun lado pró outro coma un lóstrego, debía estar doente.

Dixo o comandante botando fume:

-Os bipers, que saian os bipers, os bipeeeeers.

Saíron Pepolo e máis Esparbak en sendos kipers, e cando estaban á altura dun Coirosán, lanzáronlle unha cabra, e esta desfacía a nave enemiga a mordiscos e cornadas.

Entón a única salvación da galáctica era atopa-lo camiño da Terra,  
Si, Si, onde estamos nós.

E agora imos ata a fortaleza de Coirós.

O xefe Coirosán, Campechano II, berroulles de tal xeito ós pobres robots, que lles esgazou os circuitos e caeron ó chan deshidratados.

Volvamos á galáctica:

- Comandante, veña correndo á cuberta, que hai un tipo decindo couzas moi raras e brincando dun lado pró outro.
- ¿Como dis? . Imos ver que pasa.

En efecto, alií estaba o toliño de Esparbak danzando dun lado pró outro.

Preguntáronlle:

- ¿Que che pasa?. Di algo.
- $xh^2 = Z \cdot x$  Manolo - bip - bip - BULA - BULA.
- Estás toliño.
- Hai que aplicarlle un correctivo.
- Veña, vamos.
- ¡A por el!.
- Socorro, per favore athung, BULA - BULA; non Danger.
- Toma condenado.
- GLGLGLGLGLGLGL
- ¿Que, quedaches satisfeito.
- GLGLI
- ¿Gostouche o correctivo?.
- GLGLNA.

-Con que facendo o indio ¿eh?, !TOMA!

Agarróuno polo pescozo.

-!Toma!

-GGG.

-¿Bastouche?

-Si.

O día seguinte os coirosáns volveron ó ataque.

-Temos que repelelos, berrou o comandante.

Empezaron a sair bipers, lanzadeiras, de todo, e armouse alí a festa.

ZUMBA, TRAS, BOOOM, TUD, GRIS, BEUNG, isto é o que se oía na batalla.

Os bipers ían palmando, e os outros tamén. A galáctica prendeu lume.

Aquilo era algo asombroso.


Entón parte dos bipers que estaban na festa, tiveron que apagalo incendio da nave nodriza, a forza de botar auga. Mentre tanto os coirosáns estaban reducindo ós que quedaban. Entón só quedaba unha solución: A Galáctica empezou a botar foguetes dos que quedaban da festa de San Roque e os coirosáns escaparon.

Entón a Galáctica botou a correr prá Terra e aterrizou en Galicia, e por se fora pouco, en Betanzos (!se vírades ó alcalde corretear pola vila adiante coma un lóstrego! Botaba fume).

Bor fin todo se arreglou e os betanceiros quedamos convivindo con eses parrandeiros que non se sabe de onde veñen.

F. Enrique Cortés de la Iglesia.

7ºA.





# PASATEMPOS

R	A	L	X	A	R	D	A	B	O
S	T	R	P	K	I	S	L	A	
T	O	P	K	R	I	T	P	I	
T	O	P	U	L	P	O	S	U	
H	A	G	B	F	C	E	D	G	
L	M	M	N	N	O	P	K	R	N
I	H	T	A	O	L	I	N	A	
V	W	P	K	K	L	O	L	N	
Z	Z	A	B	C	D	E	G	K	
F	A	N	E	C	A	F	G	H	I

ATOPA SEIS NOMBRES DE PEIXES.

G	O	V	B	D	E	I	O	M	N	P	P	
C	B	B	X	F	A	R	I	E	R	E	P	
C	H	C	L	O	L	X	F	H	A	H	X	
A	Z	A	Z	G	M	P	O	M	Q	U		
S	I	S	R	R	N	O	X	I	E	R	F	
T	U	V	B	B	B	L	S	R	N	U	O	
I	T	B	C	U	D	A	E	X	E	N	Z	
M	R	S	X	X	L	B	L	V	I	L	M	
E	D	D	O	A	L	S	V	S	L	R	H	S
I	S	R	Q	T	F	N	B	G	O	N	T	
R	T	O	O	R	I	E	U	G	L	A	S	
O	I	A	N	U	O	P	T	S	R	N	V	

ATOPA SETE NOMBRES DE ÁRBORES

## - ADIVIÑAS -

- En un monte monterano, hai un pai franciscano, ten barbas e non é home, ten dentes e non come ¿que é?.
- Altos pais, peludas nais, os fillos forifoles, adiviña ti se podes.
- Alta como torres, branca como frores e cobre todo menos o río que non pode.
- Corroscós pareu corroscós sin uñas, nin pés nin mangas. Corroscós pareu corroscós con uñas e pés e mangas e cós. ¿que é?.



## TRATADO FILOSÓFICO ENCOL DA IMAXINACIÓN

A imaxinación é como unha amiga. Un día, cando más a necesitas, tópase con que non está na casa.

Para escribir calquera cousa, hai que deixar voa-la imaxinación pero coidando que non se alonxe demasiado.

As veces un enfádase moito porque no intre en que necesitaba escribir algo, non se lle ocorre nada, e pensa de outro que é capaz de escribir libros e libros ¡que intelixente é!, sen pensar que el nunca escribe nada porque non topa o momento axeitado, e deixando voa-la miña imaxinación, penso que esos momentos en que a un non se lle ocorre nada coinciden cos intres en que a imaxinación non está na casa.

Tamén pode acontecer que a imaxinación se anquilose ou se aburre, porque decindo a verdade, hai xente que nunca fai uso dela. E non é que eu queira culpar de nada a esas persoas, soamente penso que cando temos algo tan valioso é para empregalo, ó menos de cando en vez. Neste caso podemos compara-la imaxinación co petróleo -se tivésemos un xacemento desta valiosa sustancia, o que todo o mundo fariña, sería explotala-

E iso mesmo, explotala ou usala, é o que temos que facer coa imaxinación, pensando só que hai unha diferencia sustancial: o petróleo contamina, e a imaxinación non.

Porque, aínda que outros pensen o contrario, todos temos unha grande imaxinación, deixando a un lado que unhas sexan más folgazanas que outras.

Jacqueline Teixo Maceiras

8º B.

### PROVERBIO

Si queres que tu casa te dé buenas riquezas  
e que tu vida te dé buenas riquezas

Quiana Tomélio Olivedra

8º B.

# ≈ Brangalladas ≈

- Era un home tan tacaño, tan tacaño  
tan tacaño, tan tacaño, que camiña-  
ba sempre a grandes zancadas para  
aforra-las suelas.
- Un home vai ó médico e dille:  
¡Hola doctor! veño a que me recoñeca.  
- Pois así de primeiras, non caio.
- Unha profesora dille a un alumno:  
A ver, Luisiño, se nesta mesa hai  
cinco moscas e mato unha ¿cántas  
moscas quedan?  
- Unha.  
- ¿Como unha?  
- ¡Si, a morta.
- Un home pregúntalle a un dependente:  
- ¿Ten medrapelos?  
- Si.  
- Déame un.  
- ¿Grande ou pequeno?  
- Pequeno, non me gusta o cabelo  
longo.
- Un amigo dille a outro amigo seu:  
- O médico díxome que non fume men-  
tras traballo.  
- ¿E seguiches o consello?  
- ¡Home!, dende entón non traballo.
- Un neno vai á clase preocupado e  
pregúntalle ó profesor:  
- ¿E xusto castigar a un neno por  
algo que non fixo?  
- Non, claro que non.  
- Gracias, mestre, eu non fixen os  
deberes.
- Era unha muller tan pequena, tan  
pequena, tan pequena, que en vez  
de dar a luz, daba chispitas.
- Un conde dille á súa muller:  
- Vou despedir ó chófer. Esta mañán  
estivo a punto de marme tres veces.  
- Dálle outra oportunidade -queri-  
do-.

Roberto Fontenla Martínez

6º A.

## R E F R A N S

- De neno Rei, de mozo galán, de casado vello, e de vello can.

Quen ten tres e gasta catro, escusa de saco

Luis Otero Sánchez

7º F

- Catro coxas fan falta para un home ser pobre: carro vello, bois  
cativos, muller guapa e moitos fillos.

- O primeiro mes de casados, berra ela e escoita el; ó segundo mes de  
casados, berra el e escoita ela; ó ano de casados berran os dous e  
escoitan os veciños.

